

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA

Lista provisional de admitidos e excluídos para cubrir 4 prazas de operarios/as de vías públicas (estabilización de emprego temporal)

DECRETO: Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para provisión en propiedade de catro (4) prazas de OPERARIOS/AS DE VÍAS PÚBLICAS en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Expte. 2024 ESTB000002.

VISTO o expediente que se tramita para a provisión en propiedade de catro (4) prazas de OPERARIOS/AS DE VÍAS PÚBLICAS, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022 e publicada no DOG número 103 do 31/05/2022 e no BOP da Coruña número 90 do 12/05/2022, a través do sistema de selección de CONCURSO-OPOSICIÓN, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/12/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 244 do 27/12/2022, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no Diario Oficial de Galicia número 35 do 19/02/2024, no Boletín Oficial do Estado número 56 do 04/03/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aproba-la lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a Proba galego
1	Bello Neo Francisco Javier	***8234**	Si		Si
2	Blanco Ansoar Francisco Javier	***5956**	Non	Non achega o permiso de conducir da clase B (Base 3ª das específicas, letra c).	Si
3	Callón Tores Francisco	***3004**	Si		Si
4	Carracedo Rama Marcos	***2293**	Si		Si
5	Castro Pego Juan Antonio	***5599**	Non	Non achega a relación de méritos (Base 4ª das xerais, apartado 4.3., letra f).	Si
6	Cernadas Vilela Alberto José	***3336**	Non	Non achega a relación de méritos (Base 4ª das xerais, apartado 4.3., letra f).	Si
7	Fernández Álvarez Manuel	***5942**	Si		Si
8	Lameiro Bea Juan Borja	***3084**	Si		Si
9	Laranga Nieto Martin	***9592**	Si		Si
10	Lojo Lojo Ramón Manuel	***5461**	Si		Non
11	Martínez Gómez Emilio	***8775**	Non	Non achega o DNI ou documento identificativo (Base 4ª das xerais, apartado 4.3., letra b). Non achega o permiso de conducir da clase B (Base 3ª das específicas, letra c). Non achega a relación de méritos (Base 4ª das xerais, apartado 4.3, letra f).	Si
12	Miniño Millán Francisco Manuel	***5321**	Si		Si
13	Rey Vázquez Jesús Manuel	***7869**	Si		Non
14	Santamaría Brión Juan José	***5595**	Si		Non
15	Sobrido Casais José Luis	***3206**	Non	Non achega o permiso de conducir da clase B (Base 3ª das específicas, letra c).	Non

A inclusión dos/as aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

Segundo.- A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario, publicárase na páxina web do Concello de Ribeira (www.ribeira.gal) no apartado “taboleiro de anuncios”.

De conformidade co disposto na Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse dun prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na listaxe publicada.

En Ribeira, a 04 de abril de 2024. O alcalde, Luís Antonio Pérez Barral. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.

2024/2249